



# UNIDADE DIDACTICA

Por Nate Borrajo

Os amigos despiden a Cristovo: búscano e choran a súa partida. Xogos de bandeiras para despedilo.

Xentes e oficios do pobo

Aparece Cristovo. Xogos e alegría. Chamada da escola. Cris non vai e aparece Brüel. Presentación.

Brüel intenta convencer Cristovo para roubar. Méntelle.

Amigos buscan Cristovo. Aparece o seu gorro. O pobo busca Cristovo.

Brüel dorme e Cris viaxa polo mundo da man de Marco Polo e Sofía:

- Venecia
- Bagdag
- Tártaros, estepas tártaras
- China, Kublai Khan

Amigos descubren que Brüel está relacionado, solucións para apresalo.

Apresamento de Brüel. Viaxe a China. Colexio.

Apéndice: Partida de Colón.

Soños, augurios... Todo apunta ao destino final de Cristovo

Cristovo marcha coa bolsa: que leva?, onde vai? Non vai á escola, vive nunha vila mariñeira, a súa pandilla comparte as súas ilusións... pero están tristes... Cristovo vai marchar, quere ser capitán! Quere cruzar o mar, ir dun lado o outro, coñecer o mundo! Que levarías ti na bolsa?

## **Creamos coa lingua sons e significados**

**Somos outra civilización:** comezamos de cero, novo s costumes, que pasaría se non houberse camas, nin cadeiras, nin pratos?? Nin tele, nin ordenador... nin xogos?? Imposible, temos imaxinación e poderíamos xogar coa terra, as pedras ou mesmo a contar contos nas nubes!!! Tampouco hai diñeiro!! Pero hai unha praza, nenos e nenas, mar e moitas moitas ganas de pasalo ben!!

Preparados e preparadas?? Pois alá imos!!! Aviso importante: Os e as que vos maredes, un **regaliz!**

## **POBO MARIÑEIRO.**

A que cheira un pobo mariñeiro? A que ole? Que sons? No pobo de Cristovo e as marabillas tamén hai praza. Coma en todos! E nas prazas, xúntase toda a xente do pobo para falar, vender, intercambiar...

Antigamente, cando non había moedas, a xente intercambiaba unha cousa que lle sobraba por outra que non tiñan e necesitaban. Como cando tedes un cromó repetido! Por que credes vós que podedes cambiar un balón? Por un pouco chocolate? E o voso caderno de plástica? Facede unha lista con cousas que se poden facer con diñeiro e outra coas cousas que se fan se diñeiro. Debatede na clase a importancia do diñeiro.

## **BANDEIRAS**

Cristovo e os seus amigos, Bartolo, Sofia, Blanquiña e Felipa, viven perto do mar. Ven chegar barcos con tesouros nas súas barrigas e marchar aos veciños durante meses ou anos en naves na procura do descoñecido. Ai! Cristovo tamén quere ir. Non lle ten medo aos monstros mariños, nin ás treboadas! De día e de noite pensa en subir ao barco máis grande e sucar o mar!! Pero... os mariñeiros non o deixan. Ten que medrar e ir á escola! Ten que aprender a ler nas estrelas, nas ondas e nos mapas. Pero el cre que para iso xa haberá tempo... o importante é subir ao barco... o resto...

Os seus amigos, tamén teñen soños... e xuntos xogan a que xa son grandes, están no barco...

**Teas:** serven para... pero tamén para... Todo o que nos propoñamos!!! Somos creadores/as!! Podemos saltar á corda, facer capas con superpoderes, viaxar en alfombra, ou convidar aos nosos amigos e amigas a unha comida no campo! Que vos parece!!!

Seguro que na casa hai teas de cores e texturas, anacos pequenos, grandes, medianos... pedídeas, sempre cun sorriso e un por favor, e levádeas a clase. Alí, entre todos soñamos e deseñamos mil e un uso para elas! Dende bandeiras para celebrar un aniversario dun compañeiro, o nacemento dunha irmá, ou a caída dun dente!

A panda de Cris xoga aos barcos, diferentes, de remos, galeras, carabelas... Eles viven na costa! E coñecen moitos tipos de barcos. Se vivides no interior, podedes xogar a correr entre campos de trigo, ou que as teas sexan cabalos, cans e muíños!

Tamén podedes debuxar un pobo nunha cartolina, recortades a silueta e algunha ventá e portas, estirades unha tea das grandes e lisas e poñedes unha lámpada por detrás. Cun pau longo e celo pegades a cartolina da paisaxe e... Voilà! Xa temos o noso decorado, podemos comezar a soñar! Xa somos teatreiros e teatreiras!!!

**Xogos populares:** Os nosos amigos e amigas agardan a ser maiores xogando. Eles xogan sempre con algo relacionado co mar... Vós podedes facer todas as variantes que queirades segundo os vosos soños:

- † Astronauta: o ceo, as estrelas e naves espaciais,
- † Bombeiro: mangueras, camións, auga...,
- † Veterinario: gatos, hámsters, cadelañas Lulas...

**Apandas:** ovo, pico, araña. Tamén podemos xogar coa variante “Son o mellor navegante”. Tedes que saltar sobre os outros mentres dicides o poema e facedes xestos. O que mellor o faga será o “rei dos sete mares”.

Son o mellor navegante  
Cruzando todos os mares  
Co meu barco e os meus amigos  
Viaxo cara ao descoñecido.

Teño un ollo co que todo o miro  
E que afasta de monstros mariños.

Xirar e xirar ao redor do globo  
Buscar e buscar grandes tesouros.

**Carreiras de remos:** sentados no chan tedes que avanzar coas pernas estiradas e co impulso dos brazos facendo de remos

**Baixar as redes e subir as veas:** elixides un capitán que irá dando ordes que os demais, colocados nunha roda debedes cumprir... para isto é mellor pactar os xestos e movementos das ordes antes de empezar!!!

**A cocaña:** para este xogo é mellor esperar a estar no verán no mar ou mesmo na piscina. Colocamos un pau ancho ou no trampolín da piscina, colocamos un pano no extremo, e o que teña máis equilibrio e consiga vir co pano sen mollarse e un auténtico e auténtica cocañeiro/a!!!

**As catro esquiñas do barco:** xogo do pilla onde só estades a salvo na proa, popa, estribor e babor...

**“Da Habana chegou un barco cargado de...”:** sentados nun corro, o primeiro di “da Habana chegou un barco cargado de... mazás”, e lanza unha pelota. Os outros todos tedes que recoller a pelota e ir dicindo palabras que comecen co M... así ata que xa non se vos ocorran máis e comeceades con outra letra...

**A vela:** cunha corda ou comba longa unídesvos todos e todas e ides movéndoos como se estivérades nun barco... Pero hai que pasarse unha pelota sen mans entre todos os do barco...

Tamén podemos voar papaventos, facer chifros coas palliñas e coas herbas...

A xogar... non fai falla nada máis que moitas ganas de pasalo ben!!!

Ter amigos e soños!!!

É ou non é unha marabilla?

Cos xogos chegan as **trastadas**, son sen querer sempre... Non se poden evitar! Por se pasa algo na praza é mellor levar unha boa excusa preparada e ensaiar un tipo de voz... Podedes probar en grupo diferentes desculpas por romper un cristal, tropezar coa leiteira ou tirar o pastel de mazá ao chan... Tamén probade unha cara para esas situacións. Logo representades cambiando os papeis:

- mentres uns/unhas piden desculpas, outros e outras están moi moi moi enfadados e enfadadas;
- a persoa que pide desculpas ten que facer rir ao/á enfadado/a;

Tamén podemos probar tipos diferentes de risas: para cando nos contan un chiste, para cando estamos nerviosos/as, para cando vemos alguén que cae ao chan...

**Gústame/non me gusta:** non todos ides querer o mesmo. Cadaquen pode soñar cousas diferentes: uns podedes ser astronautas, outros cociñeiros, outras investigadoras e quizais alguén queira ser escritor, música ou escritora... Porque todos e todas somos mundos diferentes. Por exemplo Cristovo e os seus amigos. Escribide o que vos gusta e logo o que non vos gusta... despois comentádeo na clase. E non esquezades nunca que todo se pode facer realidade!!

**Sofía e o libro das Marabillas:** Que fariades vós cun libro que ten poderes? Salvariades a humanidade e fariades un traxe de superheroe? Que pasa se é o libro de matemáticas o que ten poderes, cales serían? E se fose o de música? Escolle un libro, o voso favorito, pensade nos poderes que pode ter e escribide un conto coas aventuras que se vos ocorran!

O noso amigo non quere ir á **escola**... El quere ser mariñeiro, capitán, soñador... necesita ver o mar... Quere cumprir o seu soño! El pensa que se vai á escola só perde o tempo... Que pensades vós?? Como é a vosa escola?? Que cambiariades? Tedes algún amigo que non vai á escola??

Os amigos de Cristovo van todos onda o mestre. Queren aprender. Uff!! Que aburrido é xogar só! Os solitarios están ben... pero só unha tempada pequena... porque cansan... Necesitamos **amigos e amigas**, verdade?? Como é un amigo?? Que facedes vós cos vosos amigos e amigas?? A vosa panda ten nome??

Ademais se estamos sós... somos máis fáciles de convencer por personaxes coma **Brüel**... Xa coñecemos a este individuo na praza... que virá facer agora?? Quere seducir a Cristovo, quere ter un criado, un axudante... Pobre Cris!!! Pensa que o vai levar ao mar!!! Pero dille que é pequeno de máis. Ai, ai!! Como amola que digan iso, verdade? Ao noso amigo non lle importa: el vai aprender moi rápido! Brüel míralle os dentes... Por que e para que lle mirará os dentes?? Investigade iso preguntando aos vosos pais e profes. Onde che mira o médico para saber se estás ben? Onde mirarías ti? Imaxinade que cada vez que coñeces alguén lle mirades... que lle mirariades??

Brüel coloca unha pucha nova a Cristovo: agora vai comezar unha nova vida... moi diferente á que esperaba!! Hai que ter coidado cos **mentireiros e cos abusóns!** Como poderíamos recoñecelos?? Por que son coxos?? Ou calvos?? Debatede na clase porque non está ben dicir mentiras... podedes ler tamén o conto de “*Pedro e o lobo*” e logo comentalo entre todos e todas.

Á saída da escola, a panda busca a Cristovo para seguir xogando. Xogan ás agachadas e ás espadas. Merendan chocolate e Sofía amosa un libro... Cristovo! Cristovo!! Nada, non aparece. Pero si o seu gorro. Sofía asústase e chaman polos maiores para buscar ao neno perdido...

**Sentidos ou Fragancias de cousas:** Felipa ten un olfato prodixioso, busca o cheiro do seu amigo perdido! Cada persoa ten un cheiro, cada país, cada casa... a que cheira a area, e os cabalos, e a neve, e un xardín con auga? Como cheira cada unha das aventuras do noso amigo? Como cheira Brüel? E Bartolo? Recoñecerías aos teus amigos polo cheiro?? E por unha marca de nacemento??

**Oficina de obxectos perdidos ou oficina para atopar cousas:** unha carteira, un libro... e un amigo!!! Facede un debuxo de Cristovo, describide cómo é, que lle gusta, e a qué cheira, logo xuntade todos os debuxos e por grupos elixide o que mellor vos pareza. Ou tamén podedes facer un novo coas orellas dun, os ollos de outro, a boca e o pelo doutro máis... Despois cunha lupa, un mapa, unha enciclopedia e internet buscade Cristovo Colón!! Xa sodes expertos e expertas detectives!! Observade as fotos que aparecen na enciclopedia ou en internet e debatedes qué cambios hai no Cristovo neno e no Cristovo maior. Cómo pensades que ides ser vós de maiores?? Como vos ides peitear e vestir?? Seredes altos e altas?? O que non pode cambiar son as ganas e os soños!! Como no noso amigo!

**Que pasaría se...?:** imos cambiar a historia. Para iso, preguntámonos “que pasaría se...” Déixovos algunhas preguntas, pero podedes engadir outras máis. Xogamos en grupo: un pregunta e outro responde. Coas respostas que máis vos gusten podedes intentar representar de novo a obra...

- Cristovo fose á escola
- Sofía non deixase un libro
- Ese libro non fora de viaxes e fora un de natureza
- Non vivisen preto do mar
- Non tivese amigos
- ...

**Instrucións para non aburrirse na clase:** dende que o noso amigo volve da súa primeira viaxe con Brüel, entra na escola. Os seus amigos e amigas vano axudar a que non se aburra, que aprenda moito para poder viaxar mellor: idiomas, xeografía, debuxo, matemáticas, refráns e contos... Como farían para que Cris non se aburra?? Pois os libros e cadernos poden ser coa forma dun barco, os números son ondas de mar, a xeografía é un mapa,... Como fariades vós para que a escola non sexa aburrída para Cristovo?

**“Acaba ti a historia”:** que pasa cando Cristovo é maior e marcha? Que pasa cos seus amigos? E con Sofía??? Biografías

**Introdución!!**  
**O Libro das Marabillas**



A contrución destes libros de viaxes están a medio camiño entre mito e realidade, entre a experiencia e a lenda. A busca e a descrición do descoñecido é o obxectivo común ás numerosas viaxes realizadas ao longo dos séculos XIII, XIV, XV. A temática:

- peregrinacións relixiosas;
- itinerarios comerciais;
- intercambios culturais;

Os libros de viaxes son a resposta na práctica a unha demanda real de coñecemento útil; de satisfacer a curiosidade humana e a atracción cara ao exótico e o descoñecido.

Marco Polo adiantouse á súa época. É o primeiro viaxeiro real que describiu e atravesou Asia: desertos mongois, Persia e China. Rebasou os límites para a tradición culta, polo que o seu libro foi lido como un “conxunto de fábulas”.

Estas obras combinan a descrición xeográfica coas noticias históricas, antropolóxicas e mitolóxicas.

Marco Polo, na súa viaxe de volta, deslumbrou a todos coas riquezas orientais que traía: sedas, especias, xoias, pólvora e porcelana (estas últimas descoñecidas).

Ademais deu noticia do avance da cultura oriental, máis desenvolvida do que o medievo europeo-cristián:

- empregan papel moeda
- calendario solar
- sistemas de correo
- construción de marabillosas obras públicas
- naves tártaras
- traballo da seda
- poligamia e incineración
- ...

*ninguén me cr “Non contei nin a metade do que vin, porque ería” Marco Polo*

O mar en poesía! Todos e todas somos poetas! Si, todos e todas poque a todos nos gusta ter un amigo, unha amiga, unha aperta... porque a todos e a todas se nos escapa un suspiro, unha bágoa... Porque nos gusta bañarnos, a auga e as estrelas!! Antonio García Teixeiro dedicoulle ao mar un poema... E nós tamén!! Que vos parece? O mar pode ser calquera cousa, prata, espello, luceiro... ou tamén balón, melón, bombón...

Podes copiar a estrutura do poema ou facer ti un coas formas das ondas e ou da paria... e con barcos e golfiños!! Iso que os profes e profas chaman caligrama... Ahhhh! Esquecía dicir que se non rima... non pasa nada!!!

**Mar de espuma**  
**De prata**  
**De bruma.**


**Mar teimudo**  
**Esperto**  
**Escuro.**

**Mar-biqueiro**  
**Mar-espello**  
**Mar-luceiro**

**Mar**  
**Preguiceiro**

**Mar**  
**Pillabán**

**Mar do verán!**  
**Teixeiro.**  
**Cantar de cego**



<i>Vinde aquí todos!</i>	<i>Nunha vila mariñeira</i>
--------------------------	-----------------------------

<p><i>Nenos, a imaxinación preparade! Que vos conto a historia Da importancia da curiosidade!</i></p>	<p><i>vive un neno curioso, soña esperto con barcos. O seu nome, Cristovo.</i></p>
<p><i>Cos seus amigos e amigas Miraban o azul do horizonte Quizais sabía que o seu destino Levaba escrito na fronte.</i></p>	<p><i>Á escola no quere ir dende alí non sente o mar. Colle a bolsa e a pucha. non quere nin pode agardar.</i></p>
<p><i>De maese Marco Polo dálle Sofía un libro: dende Venecia a Pekín... Seguir quere ese camiño!</i></p>	<p><i>Coas súas malas artes Brüel intenta afastar Ao inocente Cristovo Sen conseguilo xamais!!</i></p>
<p><i>Os amigos poden co mal, Xuntos de novo van xogar Ata que chegue o momento De ser un gran capitán!</i></p>	<p><i>Lembrade nenos e nenas Para sempre este cantar! A historia de Cristovo, O que soñou sempre co mar!!</i></p>

Ilustre este cantar, podedes inspiraros na obra “Cristovo e as marabillas” ou no que vos suxira a vosa imaxinación. Logo inventade unha música: pode ser a das coplas dos maios, unha nana, un rap... Logo poñede uns lentes ben negros (se non tedes un antefaz de cartolina serve tamén ), e un trapo na cabeza (fundamental para que non escapen as ideas e o texto). E a cantar as aventuras do noso amigo. Cando se cumpran os nosos soños, só temos que cambiar a letra para ter o noso propio cantar!!!

## **Sabías que...?**

1492:

carabelas:

data e lugar de nacemento

galicia

reis católicos

espaguetti

carbón vexetal e mineral

especias

marco polo-venecia

italia



Encontra as seis diferenças!!

Este aval pertence ao/á afamado/a soñador/a, nacido  
o día..... do mes....., do ano.....

Día que será recordado e cantado nos séculos  
vindeiros cando saian á luz as súas **FAZAÑAS**.

E para que esta cidade quede protexida dos xigantes,  
encantadores e malandríns ,  
asina...

É noite, hora de descansar. Mentres o pobo segue preocupado pola desaparición de Cristovo, Brüel dorme e o noso amigo atopa un libro. É o libro que lle deixou Sofía! O Libro das Marabillas!! Este libro foi escrito por Marco Polo, o máis grande explorador da historia... Ou polo menos

de momento! Que vós parece? Imos de viaxe con Cristovo?? Pois veña... Cando seguimos adiante cos nosos soños... poden facerse realidade!  
Soños, desexos! E aventuras, moitas aventuras!!



Marco Polo parte de Venecia, a cidade das góndolas e das máscaras cara ao reino de Kublai Khan. Vai na procura de seda e especias. Tamén pedras preciosas! Moitos comerciantes chamaban a ese camiño “A ruta da seda”.

En Venecia hai canais, non hai estradas e pontes, milleiros de pontes. É coma un labirinto! Aquí comeza a súa viaxe e nós tamén!  
A súa nai dálle instrucións. Aquí temos as nosas!

**Despedidas, amores, e amizade...** Cando imos comezar unha viaxe longa, estamos nerviosos, contentos e felices!, metemos polo menos unha camiseta de máis, un paquete de galletas de chocolate, un libro e a cámara de fotos, pero tamén é triste deixar de ver aos nosos amigos, á familia... por iso, escribe unha carta de despedida, e fai un debuxo no que aparezan os amigos, familia e ti. Ou mellor, dous, así, aínda que a viaxe dure meses, ninguén se vai esquecer!!!

É importante que a túa maleta non leve moitas cousas: só o máis necesario, pois ao mellor tes que subir montañas nevadas ou atravesar ríos profundos... o mellor é unha mochila... os pobos que imos visitar seguro que son moi hospitalarios e xa che deixarán o que che falte. Iso si, non esquezas levar unha boa provisión de chocolate: nunca sabes se che van gustar as moscas á grella ou a sopa de cola de cabalo con allos!!!

Ten coidado cos **recordos**: se colles sen permiso algo, asegúrate de que non é algo moi importante: un trozo de monumento, unha xoia familiar, ou unha madeira de grande valor sentimental para o xefe da tribo onde esteas!!! O mellor é usar os teus ollos e gardar imaxes na túa cabeza, e logo, cando esteas só, debuxes no teu caderno de viaxe... Digo cando esteas só, para evitar algún conflito: que pasaría se debuxas ao xefe ou á súa filla tal é como son??? Con orellas grandes?? E se lles parece mal??

**Se moi educado/a**: observa moito e imita... para iso é moi bo facer algo de teatro, ou imitar a outra xente... pero con moita delicadeza... sobre todo se son máis fortes e grandes ca nós!!!

Ai, ai, ai! Esquecín dicirvos que para saír... necesitamos un salvoconduto!! Si... unha especie de pasaporte cheo de recortes e fotos! Non vos preocupedes, con cartolina, cores e revistas con paisaxes podemos facer un ben bonito! Agora si, imos cara á nosa primeira parada!!

**1ª Parada: o deserto do Irak**: a auga no deserto é un tesouro! Fundamentalmente as augas do río Tigris, consideradas sagradas. Nas que algunhas mulleres ven máis alá do que calquera ollo humano. Lembrades o que lle fixeron e dixeron a Cristovo?? Poden ver o futuro no correr da auga! Sabedes algún truco de maxia? Dígovos un: nun peto metedes area e levades na man unha pedra. Inventades unhas palabras máxicas e metedes a pedra no peto onde está a area, que quitaredes con moito coidado. Xa sodes magos e magas!! Seguro que os vossos pais e profes saben máis trucos. Preguntade e logo facedes o día da maxia e da auga! Se poñedes unhas teas enriba e buscades unha música... xa sodes uns e unhas profesionais!!

Como poden viaxar polo deserto? Todo cheo de area! E que calzado levarán para evitar que lle entre area nos calcetíns? E as roupas tan longas? Será pola area? Que animais viven no deserto??

Marco Polo, no século XIII, descobre xa o petróleo nestas terras... pero aínda tardará moito en usarse! Tamén descobre un tipo de tela ao que lle chaman “muselina”... Imaxino que será fresquiña! Porque coa calor que vai aquí como para ir vestidos de la, non vos parece?? Imaxinade xogos para facer nun deserto, e xa vos digo que o das agachadas non serve!! Íanvos atopar axiña!

**2ª parada: as estepas tártaras**. As casas e as roupas son ben distintas do país que acabamos de deixar. A paisaxe e o clima tamén. Ata cambian os animais que podemos atopar: aquí hai cabalos! Este pobo quérelle aos cabalos como se fosen un máis da familia. Que mascotas tedes vós? Que nomes? Que nomes que poñeríades vós a un cabalo? E como serían os nomes de cabalos tártaros? Levarán moitos “t”?



O deserto está moi baixo, pero para chegar onde estamos agora, pasamos precipios e montañas xeadas! “Os camiños que serpentean o borde do barranco sen fondo son esbaradizos e xeados... hai perigo de precipitarse...”, deixou escrito no seu libro Marco Polo. Que comerán aquí arriba? Ao noso amigo parece non gustarlle moito! Inventade un menú tártaro, pero adaptando cousas que nos gusten tamén a nós, por exemplo:

- de primeiro: leite de egua con neve e herbas
- de segundo: unha tortilla con ensalada

Deseñade agora unha cabana para os nosos amigos tártaros, que sexa moi resistente para o inverno! E tamén un baile! Para buscar unha música, falade co profe ou coa mestra de música. Tamén podedes buscar en Internet! Que ben!

**3ª parada: a corte luminosa de Kublai Khan.** Que difícil é entrar! Pero que marabilla cando o fas!! Iso debeu pensar o maese Marco cando viu toda aquela luz e todas as cores. Na China é onde apareceu o primeiro papel, onde xa se utilizaba o carbón vexetal, o té e os fideos... que hoxe coñecemos como “spaguetti”! E que ricos que están!! Tamén os inciensos que cheiran a mil cousas!

A música, a roupa, os abanos... todo é tan diferente ao que nós coñecemos! Ata o xeito de escribir! E por que non inventamos nós un novo alfabeto? Ou unha escritura secreta? Para iso o mellor é utilizar “tinta chinesa”! Que vos parece se facemos un xogo con abanos? Por un lado escribides “*Felicidades*” a alguén da clase que estea de aniversario. Logo con pasiños curtos e sen que se vexa nada, ides achegándoos onda el ou ela e descubrides a mensaxe!

Que cores escolleríades para debuxar un xardín oriental? Que tipo de prantas? E que animais poñeríades? Sabedes que na China teñen dragóns para xogar no ano novo? Non, non vos asustedes! Son de teas e cartón, suxeitos con paus... A que vos apetece facer un?

Todo apunta a que o noso amigo Cristovo de maior vai ser un grande navegante! É o seu soño, pero ademais, as mulleres do deserto e aquí na China, predinlle un destino fabuloso: unha tal América! Que raios será? Despois de ir á escola, os nosos amigos fanse maiores. E Cristovo consegue o seu soño: marcha embarcado como almirante! E un 12 de outubro do ano 1492 chega a terra. Ben... iso é outra historia.

Agora tócanos a nós!

Cómo converterse nun **auténtico navegante**: saber nadar, comer moita froita e sobre todo saber contar ondas e estrelas. Ter un bo mapa, levar lapis e unha caixa para gardar tesouros. Que opinades vós?

**Vestuario para navegante/a ou aventureiro/a:** roupa e calzados cómodos, un chapeu e crema para os mosquitos... Como irías ti? Deseñade roupa para aventureiros e aventureiras, elixe cores, formas... e fai varios de reposto! Os aventureiros e as aventureiras adoitan mancharse facilmente e romper os pantalóns!!

**Instrumentos:** tamén deberíamos deseñar remos, compás, e... barco... un flotador non estaría de máis.

**Guía turística:** mapas, debuxos, monumentos...Xogos dos sentidos!! A que cheira cada país, a qué sabe, que escoitamos... Todo ben coloreadiño no teu caderno de viaxes.


**Inventamos outro país...**: coñecemos historias nas que aparecen lugares máxicos e sorprendentes: castelos con princesas e dragóns, países de marabilla con coellos, asteroides con rosas, países onde todo se come e son de Xauxa!!! Como sería o noso país favorito? De que cor tería o solo, e as árbores, que forma terían as árbores? Que tipo de casas farían...

**Recetas de cociña:** xa sabedes que comen en Venecia? En Portugal? Na China? No Irán? E no Tibet? Que comen no noso país inventado?

**Eliximos ou mellor inventamos un país** ao que coñecer, deseñamos o barco, o traxe e inventamos un nome para o barco. Podemos levar unha mascota... pero lembre: levar pastillas para o mareo!!!

**Tesouros:** o libro, as pedras-area, o ovo, pero sobre todo os teus ollos, ata o máis coñecido pode resultar sorprendente se o miramos con ollos diferentes, coma se poñemos papeis de cores... se non atopamos mulleres do deserto que nos regalen pedras preciosas podémolas facer nós: uns rotuladores, unha pedra lisa... e a crear “preciosidades”,

**Zodiaco:** as estrelas son moi importantes, elas van guiando os pasos dos navegantes, das aves... coa lúa dan luz á escuridade e debuxan milleiros de formas... escollemos unha foto da vía láctea, e buscamos letras, debuxos, que teñan que ver coa nosa historia de marabillas.



Somos nenos e nenas universais...  
que outros os lean, e soñen... Cando  
viaxes, fadede unha copia e deixádea  
se decida a comezar unha nova aventura!!! Non todos son de marabillas, pero todos son maravillosos!!

Irrepetibles! **Libros esquecidos**, para  
rematedes de escribir o voso caderno de  
nun banco. Igual axudades a que alguén